



CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS

**ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO DA
UNIVERSIDADE DE A CORUÑA**

Aprobado pola Comisión de Doutoramento do 17 de xullo de 2013, modificado
no Comité de Dirección da EIDUDC do 23/07/2020





PREÁMBULO

O Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, *polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento*, prevé a creación de Escolas de Doutoramento, ás que se lles atribúe un papel relevante na supervisión das actividades doutorais. Esta norma establece no seu artigo 9.8 que todas as persoas integrantes da Escola de Doutoramento deberán subscribir un compromiso co cumprimento do código de boas prácticas adoptado pola propia Escola.

Así mesmo, o Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (aprobado en Consello de Goberno do 17 de xullo de 2012) establece que as escolas de doutoramento contarán cun código de boas prácticas que deberán subscribir todos os seus integrantes (artigo 4.7.). E o seu artigo 33.3 dispón que a UDC valorará a posibilidade de publicar guías de boas prácticas e de estilo para a dirección e a presentación de tese de doutoramento.

Pola súa parte, o Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña (EIDUDC), aprobado polo Consello de Goberno do 20 de decembro de 2012, dispón que “*os membros da EIDUDC, tanto doutorandos/as como titores/as e directores/as de tese, deberán asumir o Código de Boas Prácticas da EIDUDC*” (artigo 6.2). Atribúese ao/a Director/a a función de “*supervisar o cumprimento do Código de Boas Prácticas da EIDUDC, así como adoptar as medidas necesarias para a resolución de conflitos, despois do informe preceptivo e non vinculante da Comisión Permanente da EIDUDC*” (artigo 8.6. j)). Nesta liña, tamén o/a titor/a e o/a directora/a da tese asumen responsabilidades sobre o coñecemento do Código de Boas Prácticas. En concreto, o/a titor/a debe “*responsabilizarse de que o/a doutorando/a coñeza e comprenda o contido do Código de Boas Prácticas da EIDUDC*” (artigo 26.2). E o artigo 27 recolle entre as obrigas específicas do/a director/a a de “*asegurar que a investigación realizada polo/a doutorando/a cumpre o Código de Boas Prácticas Científicas da EIDUDC*”. Considerando isto, a Comisión de Doutoramento da UDC aprobou o Código de Boas Prácticas da EIDUDC o 17 de xullo de 2013.

A presente versión ten por obxecto a revisión e actualización do Código de Boas Prácticas para adecualo á nova realidade na que se desenvolven os estudos de doutoramento, baseándose nas recomendacións da “Carta Europea do Investigador”, contida na Recomendación da Comisión de 11 de marzo de 2015 sobre a Carta dos Investigadores e o Código de Investigadores, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (L75/67, de 22 de marzo de 2005), noutros documentos similares elaborados noutras universidades e na experiencia na tutela, supervisión e aprendizaxe do persoal investigador e docente da UDC desde a implantación dos estudos de doutoramento do Real Decreto 99/2011.

O propósito deste Código é canalizar as relacións entre doutorandos/as, investigadores/as responsables da súa formación e Universidade a través da EIDUDC. Pretende axudar a establecer os compromisos, clarificar as expectativas e determinar as responsabilidades das partes directamente involucradas na formación doutoral. Trátase dun Código de Boas Prácticas académicas e éticas destinado, en xeneral, a guiar, evitar problemas derivados da falta de información e comunicación, e orientar ás mencionadas partes para que a formación investigadora se desenvolva nas mellores condicións e culmine na realización dunha tese de doutoramento de calidade.



CAPÍTULO I: PRINCIPIOS XERAIS APLICABLES NA FORMACIÓN DOUTORAL

Artigo 1. Principios básicos

1. O obxectivo dos estudos de doutoramento é a formación de investigadores/as que se poidan incorporar ao sistema nacional ou internacional de I+D+i, xa sexa dentro ou fóra do mundo académico. Como universidade pública, debe garantirse que os recursos humanos e económicos investidos na formación doutoral estean orientados á persecución deste fin. Por iso, é fundamental realizar unha adecuada selección dos/as candidatos/as para realizar teses de doutoramento e das súas temáticas.
2. A UDC debe promover o recoñecemento dos/as doutorandos/as como persoal investigador en formación que fai contribucións clave na creación de novo coñecemento e xoga un papel esencial no sistema de investigación. Por iso, deberá fomentar que as teses se realicen na modalidade de dedicación a tempo completo baixo a protección e o financiamento de contratos predoutorais específicos. Todo isto sen menoscabo do recoñecemento do esforzo que implica a realización dunha tese a tempo parcial ou sen un financiamento adecuado.
3. Os/as directores/as e titores/as deben promover a excelencia científica nas teses de doutoramento que supervisan, promovendo a integración dos/as doutorandos/as en grupos e redes de investigación, e favorecendo a súa carreira investigadora e a súa mobilidade nacional e internacional.
4. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) é a máxima responsable de definir, actualizar e coordinar o Programa Oficial de Doutoramento (POD), de supervisar a formación dos/as doutorandos/as e de autorizar a presentación das teses. As súas decisións son fundamentais para garantir a calidade do POD. Por iso, debe estar constituída por expertos/as nos distintos campos de investigación do Programa, reunirse coa periodicidade necesaria e levantar acta de todos os acordos adoptados. A CAPD poderá invitar ás súas reunións ás persoas que considere oportuno para o mellor desempeño das súas funcións.
5. A mobilidade é un valor esencial na formación do persoal investigador. Os PODs deberán estimular e fomentar a mobilidade dos/as seus/súas doutorandos/as, establecendo colaboracións científicas, deseñando convenios de mobilidade e buscando financiación que poida facilitar dita mobilidade.
6. Os distintos membros da EIDUDC colaborarán nos procesos de avaliación da calidade previstos no Sistema de Garantía da Calidade da EIDUDC.
7. A UDC debe recoñecer a labor dos distintos actores protagonistas no proceso de formación doutoral e, a través da EIDUDC, fomentar o adecuado desenvolvemento dos PODs e vixiar a calidade conxunta dos estudos de doutoramento.

Artigo 2. Responsabilidade ética, social e profesional, e transparencia

1. Os/as supervisores/as de tese (directores/as e titores/as) e os/as doutorandos/as farán todo o posible para garantir que o seu labor sexa relevante para a sociedade, se basee en principios de equidade e responsabilidade social e non duplique outra realizada previamente por outros.



2. Supervisores/as de tese e doutorandos/as deben observar as prácticas e os principios éticos fundamentais correspondentes ás súas disciplinas, así como as normas recollidas nos diversos códigos deontolóxicos, xa sexan de carácter nacional, sectorial ou institucional.
3. Supervisores/as de tese e doutorandos/as deben evitar o plaxio de todo tipo e respectar o principio da propiedade intelectual e industrial ou da propiedade conxunta de datos cando a investigación se realice en colaboración con outros/as investigadores/as.
4. Supervisores/as de tese e doutorandos/as velarán porque as súas actividades de investigación estean ao alcance da sociedade, de forma que poidan ser entendidas polos non especialistas e se mellore así a comprensión da ciencia por parte do público.
5. Os/as doutorandos/as deben render contas da súa actividade investigadora ao POD, á EIDUDC e á Universidade, así como ao conxunto da sociedade.
6. A UDC publicitará de maneira adecuada información clara e detallada dos seus PODs, proporcionando unha descrición precisa das liñas de investigación e a oferta para realizar teses de doutoramento. Así mesmo, é conveniente que o profesorado dos PODs autorice o acceso público ao seu currículo investigador.
7. En caso de doutorandos/as con necesidades educativas especiais, demandarase un informe da Oficina Universitaria de Atención á Diversidade, en orde a garantir a igualdade de dereitos e oportunidades. Estes/as doutorandos/as recibirán atención personalizada, avaliándose cada caso e realizándose, se é preciso, as correspondentes adaptacións curriculares.

CAPÍTULO II: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 3. Obxecto

Este Código de Boas Prácticas ten por obxecto:

1. Definir os principios inspiradores da investigación universitaria.
2. Describir a aplicación que estes principios deben ter na EIDUDC.
3. Clarificar as expectativas e responsabilidades dos membros da EIDUDC.
4. Mellorar as relacións de confianza entre a EIDUDC, a sociedade e os entes que financian a investigación e a formación doutoral.

Artigo 4. Ámbito de aplicación

Este Código será de aplicación:

1. Aos membros adscritos á EIDUDC (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos).
2. Ao profesorado visitante e a todos/as aqueles/as profesionais que participen nalgún dos POD, seminarios, cursos ou actividades de formación que se organicen dentro do ámbito da EIDUDC.
3. Aos/ás supervisores/as de tese de doutoramento de calquera dos POD que sexan responsabilidade da EIDUDC.



4. Aos/ás investigadores/as e profesionais de calquera empresa, instituto, organismo ou institución que participen nas actividades formativas e/ou de prácticas organizadas dentro do ámbito da EIDUDC.

CAPÍTULO III: TITORIZACIÓN, DIRECCIÓN E SEGUIMIENTO DA TESE

Artigo 5. Asignación de titor/a e director/a da tese

1. Unha vez admitido o/a doutorando/a no POD, a CAPD asignará un/ha titor/a e un/ha director/a que garanten unha supervisión adecuada. O/a directora/a de tese asignarase no prazo máximo de tres meses desde a matrícula do/a alumno/a.
2. O/a titor/a será un/ha profesor/a do POD con vinculación permanente coa UDC e/ou entidade colaboradora co POD. O/a directora/a poderá ser calquera doutor/a español ou estranxeiro/a con experiencia investigadora acreditada de acordo co establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.
3. Como regra xeral, cada doutorando/a terá un/ha titor/a e un/ha director/a de tese. No caso de que un/ha profesor/a do POD cumpra os requisitos para ser director/a e titor/a, poderá asumir as dúas funcións.
4. A CAPD é competente para modificar os nomeamentos do/a titor/a o do/a directora/a e, se fora o caso, autorizar a codirección da tese cando concorran razóns substanciais de índole académica que o xustifiquen.

Artigo 6. Compromiso Documental de Supervisión

1. O Compromiso Documental de Supervisión especifica a relación académica do/a doutorando/a coa UDC, os seus dereitos e deberes, así como o procedemento de resolución de disputas. Tamén inclúe os deberes dos/as supervisores/as de tese. O compromiso adecúase ao disposto no Regulamento de Estudos de Doutoramento.
2. O/a doutorando/a valida este compromiso no proceso de formalización da matrícula de novo ingreso, agregándose entón ao seu Documento de Actividades.

Artigo 7. Recoñecemento da labor de supervisión

1. A labor de dirección de tese será recoñecida como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

Artigo 8. Recomendacións para iniciar a tese

1. A aceptación da dirección da tese requirirá un coñecemento mutuo entre director/a e doutorando/a:
 - a. O/a directora/a terá que ter constancia da formación, capacidade e aptitude no traballo do/a doutorando/a.
 - b. O/a doutorando/a terá que ter á súa disposición información sobre a experiencia, capacidade e liñas de investigación do/a director/a ou do grupo de investigación no que está integrado/a, así como dos recursos humanos e técnicos dispoñibles para a realización da tese.
2. Para este coñecemento mutuo, recoméndase a realización de entrevistas previas para



compartir información.

3. O/a directora/a de tese será o/a máximo/a responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e da novidade da tese de doutoramento.

Artigo 9. Seguimento académico

1. Unha vez matriculado no POD, o/a doutorando/a dispón dun prazo máximo de 6 meses para elaborar e presentar á CAPD o Plan de Investigación, que incluírá a metodoloxía, os obxectivos, os medios e a planificación temporal, e que deberá contar co informe favorable do/a seu/súa directora/a de tese. Este Plan deberá ser aprobado pola CAPD.
2. O/a doutorando/a recollerá no seu Documento de Actividades todas as actividades de interese realizadas, fornecendo a documentación que acredite a súa realización. Estes rexistros serán validados pola CAPD, previa valoración dos supervisores da tese, tras comprobar a administración a veracidade dos méritos alegados.
3. Anualmente, a CAPD avaliará o cumprimento do Plan de Investigación e o Documento de Actividades de cada estudante, para o que disporá dos informes que a tal efecto deben emitir os/as seus/súas supervisores/as. En este proceso, o Plan de Investigación poderá ser mellorado contando coa aprobación dos/as supervisores/as.
4. Para continuar no POD, será requisito indispensable ter aprobado pola CAPD o Plan de Investigación e obter a avaliación anual positiva da CAPD.
5. No caso de avaliación negativa, que será debidamente motivada, o/a doutorando/a deberá ser de avaliado novamente no prazo máximo de seis meses e, no caso de que a nova avaliación sexa negativa, causará baixa definitiva no POD.

Artigo 10. Interlocución coa Comisión Académica do Programa de Doutoramento

1. Os/as supervisores/as de tese serán os/as interlocutores/as entre a CAPD e o/a doutorando/a, asegurando que este/a cumpre os requisitos esixidos en cada momento na súa formación doutoral.

Artigo 11. Calidade da tese de doutoramento

1. O/a directora/a ten a responsabilidade de asegurar a calidade da tese, atendendo aos procedementos de control establecidos pola CAPD, a EIDUDC e a UDC. Así, debe ter presente que o/a doutorando/a ten dereito a recibir unha formación investigadora de calidade, que promova a excelencia científica, atenda a equidade, a sustentabilidade e a responsabilidade social, e o capacite para o traballo autónomo no ámbito de I+D+i.
2. A CAPD debe autorizar o inicio do trámite para a presentación e exposición pública da tese e aprobar, de ser o caso, os requisitos de calidade das tese de doutoramento.
3. A EIDUDC poderá establecer criterios específicos de calidade das teses. En particular, no caso da presentación de tese por compendio de artigos de investigación, as publicacións que conforman a tese deberán reunir cando menos os seguintes criterios:
 - a. Que inclúa un mínimo de tres artigos de investigación, publicados o con aceptación definitiva para a súa publicación. Os artigos deben estar publicados en revistas indexadas no listado do ámbito correspondente do *Journal Citation Reports* (SCI y/o SSCI). Naquelas áreas en que non sexa aplicable este criterio, substituirase



polas bases relacionadas pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) para estas áreas.

- b. Que os traballos sexan contribucións aceptadas en publicacións de ámbito e prestixio internacional con revisión anónima por pares.
4. Para a avaliación final da tese, o/a seu/súa director/a propondrá un tribunal formado por doutores/as especialistas, con experiencia investigadora acreditada de acordo co establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC. O/a directora/a poderá propor avaliadores externos (a ser posible, de ámbito internacional) para garantir a calidade do documento final e introducir na cultura do/a doutorando/a a importancia da avaliación experta e obxectiva do traballo de investigación. A proposta de tribunal deberá ser validada pola CAPD e aprobada pola EIDUDC.

CAPÍTULO IV. OBRIGAS DA COMISIÓN ACADÉMICA E DOS/AS SUPERVISORES/AS DA TESE

Artigo 12. Obrigas xenéricas de Comisións Académicas e supervisores/as

Son obrigas xenéricas das CAPDs e dos/as directores/as e titores/as da tese:

1. Atender as solicitudes de información de quen estean interesados na realización dunha tese de doutoramento, dándolles conta do procedemento administrativo e académico.
2. Proporcionar información clara e detallada sobre o tempo, a dedicación, a formación previa e as posibilidades de futuro que implica a realización dunha tese de doutoramento, incidindo no compromiso persoal de traballo do/a doutorando/a.
3. Aceptar candidatos/as idóneos polo seu perfil académico, profesional e humano, seguindo un procedemento de selección regrado, transparente e non discriminatorio.
4. Axudar ao/á doutorando/a na elección do seu campo de investigación e da temática específica da súa tese de doutoramento, explicándolle as súas implicacións, tanto no marco do coñecemento en xeral como da posibilidade práctica real da dirección, respectando a súa liberdade de elección e advertíndolle das posibilidades reais da investigación pola importancia do tema, a súa orixinalidade, a obtención de resultados e todos cantos aspectos poidan ser relevantes.
5. Asegurar que o Plan de Investigación conta coas aprobacións éticas e reguladoras correspondentes, especificamente do Comité de Bioética do organismo implicado e outros comités que puideran verse involucrados.
6. Colaborar co/coa doutorando/a na realización do seu traballo, axudando na súa organización e na busca de información e acceso ás fontes de coñecemento.
7. Respetar a autonomía do/a doutorando/a, considerándoo/a á vez como estudante e como colaborador/a.
8. Ensinar ao/á doutorando/a o valor do traballo individual e en equipo, coidando de evitar, con especial empeño, que se produza abuso do seu traballo en beneficio doutros e fomentando o clima de diálogo e colaboración no proceso investigador.
9. Estar dispoñible en tempo e dedicación ao/á doutorando/a, con fórmulas periódicas de supervisión que favorezan o avance continuo e sistemático da tese, respectando o



calendario de encontros previamente fixado para a entrega e supervisión do traballo.

Artigo 13. Obrigas específicas da Comisión Académica

Son obrigas específicas da CAPD:

1. Fomentar o desenvolvemento de teses no marco de convenios de cotutela internacional.
2. Fomentar as estadías internacionais para obter a mención internacional no título de Doutor/a.
3. Fomentar o desenvolvemento de teses no ámbito do doutoramento industrial.
4. Como responsable da admisión a trámite dunha tese, valorar as súas achegas ao coñecemento do campo en que se desenvolveu, así como a calidade da súa redacción e presentación. De ser necesario, pode recorrer ao asesoramento de expertos/as externos/as ou ao uso das ferramentas tecnolóxicas apropiadas. Previamente á súa tramitación, é recomendable someter a tese a un programa de control de plaxio.
5. Garantir a imparcialidade da avaliación anual do Documento de Actividades e o Plan de Investigación de cada persoa doutoranda, e respectar o compromiso de confidencialidade dos informes e escritos suxeitos a revisión.
6. Participar na proposta de Tribunal xulgador, buscando os/as expertos/as adecuados/as para valorar o traballo, segundo criterios de especialización.
7. Axudar a difundir os resultados das teses.

Artigo 14. Obrigas específicas do/a director/a de tese

Son obrigas específicas do/a director/a da tese:

1. Procurar que o Plan de Investigación teña un carácter formador e innovador, e que sexa realizable nos termos propostos e coherente coa súa liña de investigación.
2. Supervisar con regularidade o Plan de Investigación, seguindo as indicacións do POD.
3. Fomentar e permitir a participación do/a doutorando/a naquelas actividades que complementen a súa formación.
4. Informar á CAPD e ao/á tutor/a da falta de cumprimento do/a doutorando/a da súas obrigas e de calquera outra incidencia no transcurso da investigación.
5. Avaliar, xunto co/a tutor/a, o cumprimento do disposto no Plan de Investigación do/a doutorando/a, incentivando a súa actualización científica e metodolóxica.
6. Emitir un informe anual sobre o Plan de Investigación.
7. Evitar calquera tipo de plaxio.
8. Respectar o principio da propiedade intelectual e/ou industrial dos resultados obtidos en colaboración con outros/as investigadores/as.
9. Asegurar que a investigación que realiza o/a doutorando/a cumpre co presente Código.

Artigo 15. Obrigas específicas do/da tutor/a de tese

Son obrigas específicas do/a tutor/a da tese:



1. Exercer de enlace entre o/a doutorando/a, a CAPD e o/a director/a de tese.
2. Velar pola adecuación da formación do doutorando/a ás liñas de investigación do POD.
3. Orientar ao/á doutorando/a nas actividades docentes e de investigación do POD que, unha vez realizadas, se recollerán no Documento de Actividades.
4. Avaliar, xunto co/coa director/a, o cumprimento do disposto no Plan de Investigación, incentivando a súa actualización científica e metodolóxica.
5. Responsabilizarse de que o doutorando/a coñeza e comprenda o contido do Código de Boas Prácticas da EIDUDC.

Artigo 16. Confidencialidade e protección de datos

1. Cando a tese conteña datos e informacións que poidan ter a consideración de confidenciais, as partes implicadas deberán asinar os documentos de compromiso de confidencialidade que puideran requirirse. O compromiso de confidencialidade e secreto continuará en vigor e será vinculante incluso tras finalizar a relación administrativa ou laboral entre o/a doutorando/a e a UDC nos termos que se tiveran acordado entre as partes.
2. Cando a investigación estea financiada total ou parcialmente por unha entidade con ánimo de lucro, deberán constar por escrito os acordos sobre os dereitos de propiedade intelectual e industrial das partes e o protocolo de contraprestacións económicas de acordo coa lexislación vixente e as normas da UDC. Ditos acordos deberán garantir os dereitos do/a doutorando/a e da súa dirección de tese.
3. En caso de que o desenvolvemento da tese requira o tratamento de datos de carácter persoal, deberán seguirse co maior rigor as normas, os protocolos e as instrucións requiridas para a debida protección dos mesmos.

Artigo 17. Seguridade

1. A dirección de tese e o/a doutorando/a deben seguir en todo momento prácticas de traballo seguras conforme á lexislación vixente, incluída a adopción das precaucións necesarias en materia de saúde e seguridade persoal e ambiental.
2. Adoptaranse as precaucións necesarias para conservar a información.

CAPÍTULO V. DEREITOS E DEBERES DOS/AS DOUTORANDOS/AS

Artigo 18. Dereitos dos/as doutorandos/as

1. Para todo/a investigador/a matriculado/a nalgún dos POD da UDC rexerá o disposto no Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, así como na Carta Europea do investigador, na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (LCTI) e no Regulamento da EIDUDC.
2. Ademais dos dereitos recoñecidos nas normas estatal, autonómica ou da UDC, o/a doutorando/a ten dereito a:
 - a. Recibir unha formación investigadora de calidade, que promova a excelencia



- científica e atenda á equidade e á responsabilidade social.
- b. Contar cun/ha titor/a que oriente o seu proceso formativo e un/ha director/a que supervise a realización da tese de doutoramento.
 - c. Integrarse en grupos e redes de investigación.
 - d. Participar en programas e convocatorias de axudas para a formación investigadora e para a mobilidade nacional e internacional.
 - e. Ter representación nos órganos de goberno como persoal investigador en formación nos termos establecidos nos estatutos e nos regulamentos e normas electorais da universidade.
 - f. Participar no seguimento e nos procesos de avaliación institucional dos PODs, nos termos establecidos no Sistema de Garantía de Calidade e demais normativa vixente.
 - g. Exercer os dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial derivados da súa actividade formativa na investigación, de acordo coa súa contribución e de conformidade co disposto na lexislación vixente.
 - h. Figurar como autor/a o coautor/a en todos os traballos, artigos e comunicacións nos que se expoñan os resultados da investigación nos que a súa aportación poida considerarse substancial e efectiva.

Artigo 19. Deberes dos/as doutorandos/as

1. Ademais do establecido no Estatuto do Estudante Universitario (RD 1791/2010), os estatutos da UDC, o Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC vixente e o Regulamento da EIDUDC, os/as doutorandos/as teñen o deber de:
 - a. Respetar aos seus supervisores no ámbito persoal e profesional.
 - b. Matricularse anualmente na etapa de tese no prazo establecido.
 - c. Realizar as actividades formativas programadas, incluílas no Documento de Actividades e desenvolver o Plan de Investigación, baixo a supervisión da tese.
 - d. Validar e respectar o compromiso de supervisión.
 - e. Atender as indicacións que lle fagan os seus supervisores en relación coas actividades formativas.
 - f. Informar regularmente aos/ás supervisores/as da realización de tales actividades e da evolución do traballo de investigación.
 - g. Ter dispoñibilidade para asistir a actividades (reunións, congresos, estancias no estranxeiro, etc.) que sexan necesarias para a súa formación doutoral, de acordo co/coa seu/súa director/a de tese e na medida lo posible.
 - h. Presentar nos prazos establecidos o Plan de Investigación e a documentación xustificativa das actividades realizadas e incluídas no Documento de Actividades, para someterse á avaliación pola CAPD.
 - i. Asegurarse de obter e entender a información precisa previa ao inicio da tese de doutoramento, así como aquela que lle proporcionen os/as supervisores/as.



- j. Elaborar cos/coas supervisores/as unha proposta de tese clara e coherente, deixándose axudar e aconsellar en todo momento, pero sendo consciente de que ten a responsabilidade última do seu traballo.
- k. Cumprir cos prazos e a liña de traballo pactados, favorecendo o clima de diálogo que permita unha adecuada colaboración co/coa director/a da tese.
- l. Cumprir cos protocolos de elaboración da tese, perseguindo unha redacción clara que propoña unha tese orixinal e aborde as discusións científicas necesarias para apoiála, cun uso honesto da literatura científica relevante.
- m. Traballar con honradez intelectual e seriedade no contraste de citas, co máximo respecto pola propiedade intelectual e/ou industrial, respectando o traballo dos demais e evitando todo tipo de plaxio e apropiacións indebidas.
- n. Cumprir as indicacións do/a director/a en cada unha das fases da tese, así como o momento da finalización da mesma e a súa posterior defensa.
- o. Preparar con rigor o acto de defensa da tese, ofrecendo unha síntese do traballo realizado e as conclusións alcanzadas, e respondendo ás suxestións e críticas científicas que poida formularlle o tribunal.
- p. Someterse ás regras de organización e uso de bens e equipos do centro onde realice a investigación.
- q. Entregar copia dixital do material de investigación e das conclusións realizadas, así como das mostras e do material de laboratorio, ao/á director/a de tese cando finalice a súa tese ou se produza o seu abandono do POD.
- r. Garantir a trazabilidade/veracidade dos datos mediante o rexistro continuo e estandarizado dos procedementos empregados e os resultados obtidos nas investigacións.
- s. Coñecer e cumprir os Estatutos e demais normas regulamentarias da UDC.

CAPÍTULO VI. SEGUIMIENTO E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

- 1. A CAPD supervisará o cumprimento do Código de Boas Prácticas por todos os axentes implicados. Calquera conflito de interese que poida xurdir nun POD deberá poñerse en coñecemento da súa CAPD, que garantirá os dereitos de información, participación e audiencia dos/as interesados/as no procedemento.
- 2. As alegacións realizadas ante a CAPD serán estudias por esta, garantindo a confidencialidade. Todas as persoas implicadas no conflito están igualmente obrigadas a manter a confidencialidade durante o procedemento.
- 3. Sen prexuízo dos procedementos informativos e/ou sancionadores que, no seu caso, poida incoar a UDC, se a CAPD comproba que a conducta investigada é contraria a este Código, as súas conclusións se remitirán á EIDUDC para que actúe de acordo co disposto no Regulamento da Escola.